

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

2262 *Corrección de erros do Real decreto 1101/2011, do 22 de xullo, polo que se aproba a lista positiva dos disolventes de extracción que se poden utilizar na fabricación de produtos alimenticios e dos seus ingredientes.*

Advertidos erros no Real decreto 1101/2011, do 22 de xullo, polo que se aproba a lista positiva dos disolventes de extracción que se poden utilizar na fabricación de produtos alimenticios e dos seus ingredientes, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 208, do 30 de agosto de 2011, efectúanse as oportunas rectificacións:

Na páxina 6, no título da parte III do anexo, onde di: «Disolventes de extracción utilizados na preparación de aromas a partir de plantas aromáticas naturais», debe dicir: «Disolventes de extracción utilizados na preparación de aromas a partir de materiais aromatizantes naturais».

Na mesma páxina, no cadro da parte III do anexo, no encabezamento da segunda columna, onde di: «Contido máximo de residuos nos produtos alimenticios debidos á utilización de disolventes de extracción na preparación de aromas a partir de plantas aromáticas naturais», debe dicir: «Contido máximo de residuos nos produtos alimenticios debidos á utilización de disolventes de extracción na preparación de aromas a partir de materiais aromatizantes naturais».